



**DECÁLOGO DE  
PROPOSTAS  
DO BNG PARA O  
APOIO E  
REACTIVACIÓN DO  
SECTOR CULTURAL  
GALEGO**

## DECÁLOGO DE PROPOSTAS DO BNG PARA O APOIO E REACTIVACIÓN DO SECTOR CULTURAL GALEGO

### INTRODUCCIÓN

As graves consecuencias que no plano socioeconómico vai ter a crise do COVID19 obriga ao conxunto de actores sociais e económicos a reformular os esquemas de interpretación, actuación e traballo cos que viñemos traballando nos últimos anos.

Situacións excepcionais esixen respostas e actuacións excepcionais, especialmente para mitigar o impacto negativo da crise naqueles ámbitos ou segmentos en que o tecido social e económico é máis feble.

No caso galego, un destes ámbitos é sen dúbida o da cultura, un sector grandemente atomizado e precarizado, financeiramente fráxil e con escasa capacidade de resistencia en contextos adversos como o da crise de 2008 ou a crise do COVID19 que agora comezamos a enxergar. Para as estruturas profesionais da cultura galega –autónomos, micro-pemes e cooperativas sociais na súa grande maioría- estamos diante dun contexto non de perda de recursos e ingresos, senón de loita pola propia supervivencia. Os efectos desta crise do COVID19 poden resultar letais para boa parte dun sector cultural moi castigado polos recortes e as políticas nocivas que o PP desenvolveu nos últimos once anos desde a Xunta.

No BNG consideramos que a nosa actuación neste contexto debe centrarse en tres ámbitos: formular unha proposta de medidas urxentes para a reactivación do sector cultural galego, da man do diálogo cos propios sectores; estar en permanente contacto cos sectores e entidades da cultura galega para transmitirles o noso apoio e sensibilidade e facernos eco das súas demandas; e finalmente mostrar, coherentemente co anterior, unha actuación de apoio claro alí onde temos responsabilidades de goberno, caso dos concellos e deputacións en que gobernamos ou cogobernamos.

Este documento que vos facemos chegar céntrase no primeiro punto: é o decálogo de propostas que elaboramos desde o BNG pensadas como paquete de medidas urxentes para mitigar os efectos do coronavirus nos sectores culturais e para poñer en marcha un plan de reactivación cultural específico para estes. Enviamos o documento non como proposta pechada, senón como listaxe de medidas que pode ser ampliada ou modificada, polo cal che pedimos que nos trasladades aquelas suxestións, comentarios ou propostas que consideredes oportuno.

A finalidade deste documento será achegarllo á Consellaría de Cultura para a súa toma en consideración, en coherencia coa posición e actuación de colaboración e de responsabilidade coa que estamos a elaborar e trasladar á Xunta de Galiza o conxunto das propostas e iniciativas do BNG para a contención e resposta aos efectos da crise do

## DECÁLOGO DE PROPOSTAS DO BNG PARA O APOIO E REACTIVACIÓN DO SECTOR CULTURAL GALEGO

coronavirus. Ao tempo, faremos difusión pública das medidas que propoñemos e darémolles traslado destas aos concellos e deputacións.

Pasamos, sen máis preámbulo, á enumeración das dez medidas urxente que propoñemos para a compensación dos efectos da crise do COVID19 e a planificación da reactivación e apoio aos sectores culturais galegos:

### 1. RECOÑECIMENTO.

Declaración da cultura como ben de primeira necesidade, ao igual que teñen feito Alemaña e Francia, partindo do recoñecemento da cultura como dereito.

### 2. ESTRUCTURA.

Creación dunha Oficina Técnica COVID19CULTURA por parte da Consellaría de Cultura para a) recabar datos e realizar informes sobre a incidencia da crise do coronavirus na cultura galega e b) prestar asesoramento e asistencia técnica para a obtención de axudas extraordinarias derivadas desa crise. Creación dun portal web específico para informar os distintos sectores culturais das medidas e decisións que a Xunta de Galiza ou, eventualmente outras administracións, adopten nesta materia.

### 3. AXUDAS ESPECÍFICAS.

- Creación de liñas de axuda para a reactivación da actividade cultural, específicas e con partidas orzamentarias concretas para a reactivación dos sectores culturais, que teñan en conta toda a cadea na creación cultural (provedores, distribuidoras, produción...).
- Creación de liñas de axuda específicas de compensación do parcial do lucro cesante das empresas culturais dos diferentes ámbito profesionais, sempre teña orixe e se derive das medidas de control e prevención do COVID19 adoptadas polas autoridades.
- Creación, por parte da AGADIC e o IGAPE, dunha liña de préstamo especial centrada en financiar as necesidades de liquidez das empresas dos diferentes sectores profesionais da cultura galega.

### 4. CRÉDITOS BANCARIOS.

Suspensión temporal do pagamento de cotas de préstamos bancarios concedidos para as empresas culturais e destinados a investimentos en equipamento técnico, vehículos, escenografías e en xeral as necesidades de investimento propias da creación, produción e distribución cultural.

## DECÁLOGO DE PROPOSTAS DO BNG PARA O APOIO E REACTIVACIÓN DO SECTOR CULTURAL GALEGO

### 5. XACOBEO 2021.

Redefinición da programación do Xacobeo 2021 para convertelo nunha ferramenta de reactivación e apoio aos sectores profesionais da cultura galega.

### 6. PROGRAMACIÓNS.

- Mantemento dos contratos e reprogramación en novas datas das actividades previstas.
- Garantía das aportacións da Consellaría de Cultura e do resto de administracións públicas para actividades culturais canceladas que non for posíbel reprogramar.
- En redes e circuitos, medidas extraordinarias de prórroga dos períodos de programación e flexibilidade de cambios de data.

### 7. IVE CULTURAL.

Redución do IVE cultural do 10% ao 4% e dos cachés do 21% ao 10% (competencia estatal).

### 8. SUBVENCÍONS ORDINARIAS.

- Non revocar as subvencións concedidas para 2020 aínda que o obxecto destas non se chegar a producir por causa do período de inactividade forzosa e as problemáticas derivadas con orixe na crise do coronavirus.
- Axilización dos pagamentos pendentes por parte das administracións públicas.
- Modificación das bases de convocatorias de subvencións para contemplar o pagamento anticipado parcial das subvencións (70% no momento da resolución, 30% no momento da xustificación), como medida para inxectar liquidez no sector cultural.

### 9. PÚBLICOS.

Creación dun bono cultural encamiñado a estimular o consumo e deseño dunha campaña de captación de públicos e promoción da cultura galega en todas as súas expresións.

### 10. CRTVG.

Elaboración de programación que teña en conta o apoio e visibilización da creación cultural galega nos seus diferentes ámbitos. Desenvolvemento de propostas de apoio á creación de públicos para a cultura galega.

